

DERRADEIRA ACTIVIDADE (8-19 de xuño). DÁLLE Á LINGUA (II)

Imos rematar o curso con alegría e bo humor. Para iso, tedes que gravarvos (si, outra vez) e contarme un chiste, unha anécdota graciosa que vos sucedese a vós ou a alguén coñecido ou calquera episodio simpático.

Se recordades, na primeira actividade de Dálle á lingua traballamos o rexistro formal (aproveitando que se conmemoraba o Día do Libro) mais desta volta imos cambiar de rexistro e imos facer unha actividade máis amena e distendida para despedir o curso.

PD: No caso de que, por diferentes problemas técnicos ou de calquera outra índole, non poidades gravarvos, podedes enviarme un texto co chiste ou coa anécdota. Con todo, procurade que esta sexa a última opción.

Ah! E non vaiades ao fácil. Procurade estendervos o máximo posible e entregar un documento de calidade.

Para avaliar a actividade, vou empregar o mesmo mecanismo: escala de observación e rúbrica.